



Concello de Lugo

CONTRATACION
MLA/rdi
Ref WEB PRAZA ABASTOS
Asunto: adxudicación

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013).Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

Sendo as 13:30 horas do día 23 de abril de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, Ilma Sr Tenente de Alcalde e Concelleiro delegada da área de Urbanismo, don Luis Manuel Álvarez Martínez en substitución da Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Antón Bao, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, don Luis Casais, Xefe da Asesoraía Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Tamén asisten ao acto público dona Marta Pardiñas e don J.A. Pardiñas en representación de Markova Tic, S.L

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a dar lectura primeiramente da xustificación presentada pola licitadores TECNOLOGIAS PLEXUS, S.L sobre a valoración da súa oferta económica e os termos da mesma, xa que fora considerada anormal ou desproporcionada en aplicación do establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares e o artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas segundo consta na acta da Mesa de Contratación celebrada o días 22 de marzo de 2013. Deseguido procedeuse a lectura do informe técnico da directora do proxecto URBAN correspondente a referida xustificación, no que se sinala que a licitadora demostra capacidade para desenvolver proxectos e un volume de actividade que puido deixar na empresa medios materiais e equipo humano formado.



MURALLA
patrimonio da comunidade

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: WEB PRAZA ABASTOS


Asunto: adxudicación

Tendo en conta o exposto na alínea anterior os membros da Mesa acordan admitir a proposición de TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L e proceden a elaboración do cadro final de puntuacións obtidas por todas as licitadoras admitidas, co seguinte resultado:

EMPRESAS	OFERTA TECNICA	OFERTA ECONOMICA	PRAZO GARANTIA	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSULTORA DE ESTUDIOS ECONÓMICOS Y SOCIALES, S.L	9	6,60	10	25,60
INTELIGENCIA VISUAL, S.L	12	24,13	10	46,13
ALVAREZ REAL Y ALVAREZ REAL FORMACIÓN, S.L	0	26,44	4	30,44
TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L	16	60	10	86
MARKOVA TIC, S.L	30	22	10	62
INTERDIX GALICIA, S.L	5	39,66	10	54,66

A vista do cal os membros da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación a mercantil TECNOLOGIAS PLEXUS, S.L, por obter a máxima puntuación e ser no seu conxunto a oferta economicamente mais ventaxosa para o Concello.

O PRESIDENTE



Asdo: Luis Manuel Alvarez Martinez

O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz

